

O APUPO



Ano VII. Nº12. Maio 2007. BOLETÍN INFORMATIVO DA FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA E FLUVIAL fgcmfgalicia@mixmail.com



CALENDARIO 07

PAX. 11

VII ENCONTRO

PAX. 4

PROXECTO NABEIRA08

PAX. 6

Foto: Lino Prieto

Estando ao último...

AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO EDITAN O SEU BOLETÍN

A finais do pasado mes de marzo saíu á rúa un novo número do Boletín "O Cabeso", que editan os Amigos da Dorna de Portonovo. Nel podemos atopar unha editorial onde se presenta o número, e tamén unha posta ó día sobre os novos tempos que afronta a asociación cunha Xunta Directiva totalmente renovada, que preside Anxo Telmo. Máis adiante hai unha reportaxe sobre o Enterro da Sardiña de Portonovo, que como ven sendo costume organiza esta asociación. A reportaxe deste número trata sobre de Frank e Elisse, os tripu-

lantes do *Ouais-Ouais*, no que se relata parte da viaxe destes amigos canadienses que saíron da súa casa hai case 27 anos nun barco que eles mesmos construíron. Danlle a benvida á *Bicoca* a dorna polbeira que levaron para Portonovo como recordo do VII Encontro de Cambados, e falando de Encontros tratan o tema da asistencia a Ferrol 2007.

Parabéns para os Amigos da Dorna de Portonovo por facer realidade este V número d'"O Cabeso", o curmán que ten o Apupo en Portonovo.



A ASOCIACIÓN CALMOSEIRA, NOVA INTEGRANTE DA FGCMF



Nace unha nova asociación, no entorno da Arousa ... e unha asociación con vocación, con xente veterana, curtida. Porque? Moi sinxelo, un *galeón* esvae-ciase na Arousa e xa era un menos, cando estamos no tempo de ir a máis, siseñor, dixeron, e siseñor, o Adelino e Manuel a día de hoxe luce unha espectacular cor de arquitrán, arredence a ilusión e rebosa

gañas de mar, quen podía dar máis?

A vellas madeiras foron quedando o descuberto despois das horas de sol, lixa, radial e soplete, na adega, a auga a presión, baixo o poderoso brazo dun guerreiro antilixo, poñía as cadernas ó descuberto. Algunha non estaba de todo boa. Logo as formigas retiraron as areas e o equipo de ataque aplicou aceite a discreción. "E dalle mais *ghas*" dicían.

Na quilla, a golpe experto de radial, os arneiróns saltaban e daban paso o ferro rebrilante. O traballo é duro, como xa sabemos todos, e o resultado unha agradable sorpresa. O barco con case 70 anos, está bo. O día de hoxe seguen a recuperar o Barreiros, poñer en orde a electricidade e á espera de escomezar os traballos de recuperación da súa popa orixinal. E o final será "SiSeñor" berro que simboliza o espírito Calmoseiro cando decide recuperar o galeón, o nome do ilustre navío?, permanecerá o de Adelino e Manuel? ou acabará sendo "Capeton"? ou ¿? ... Bueno lo.

Decir tamén que Rompetimóns estaba a punto de meterse no fregado, para eles o desexo calmoseiro de que atopen o seu *galeón*.

BOUZAS, COLLENDO CORSO

II XUNTANZA DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS VILA DE BOUZAS (DO 28 Ó 31 DE XULLO DE 2006)

Texto e fotos: Lino Prieto

Dende a semana anterior xa chegaban embarcacións ós pantaláns da Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos San Miguel de Bouzas, os amarres estaban preparados para recibir os barcos e tripulacións participantes no seu II Encontro. Para que imperase a orde Carlos Campos, sempre solícito e coa carpeta en ristre, encargouse da perfecta distribución dos atraques varias datas antes.

O sábado amencia cunha brisiña que se foi facendo máis xeitosa coa chegada do mediodía. O Paseo Marítimo de Bouzas xa estaba engalanado con bandeirolas, as carpas de comedor e escenario, así como a carpa da exposición empezaba a acoller os moitos asistentes á Xuntanza, as embarcacións seguían chegando e sendo botadas ó mar por medio dun potente camión-grúa durante toda a mañá, ó tempo que se recollían as acreditacións dos tripulantes. No pantalán situado máis a terra xa estaban amarrando dornas, gamelas, fa-

luchos, a barca de río chegada de Monforte e botes polbeiros; no seguinte lucían pau, mentres aparellaban, a dorna meca "A Meca", os galeóns "Nuevo Sofía" e "Luísa", o "Harlinger", a lancha poveira "Fe em Deus", na que sería a derradeira xuntanza do finado Manuel Lopes, e outros de porte semellante. Despois da inauguración da Xuntanza, na que estiveron presentes autoridades, organización e a FGCMF, por medio do presidente Fernando Piñeiro, comezou a navegación pola ría. Non quedou ninguén en terra, saímos a navegar polo campo delimitado pola organización, a navegación durou ata a hora do xantar.

Rematado o xantar, e máis ben, houbo foliada e gaiteros mentres esperabamos pola botadura da gamela coruxeira, última incorporación á flota dos Mariñeiros de Bouzas. Logo de botar o "novo" barco ó mar saímos de novo a navegar. Despois de amarrar e arranchar os barcos era o momento para poñerse guapos para



a cea e posterior queimada. Houbo sorteo de regalos para os tripulantes, sorteo un tanto desafortunado... logo un meigo fixo unha queimada.

Na mañá do domingo chegamos á carpa comedor onde nos esperaba o café quente e os sobaos cos que collemos forza para saír de novo ó mar. Chamaba a atención como a traíña Vigo05 borneaba coas velas arriba e sen ninguén a bordo, o vento mantíñase coma o día anterior, aínda que se foi cerrando de néboa pero saímos igual. Veleiros e embarcacións tradicionais navegaban entre neboeiro e as pitadas dos mercantes que saían do porto de Vigo. No mediodía tivo lugar a entrega de diplomas ás asociacións participantes e na sobremesa intercambiáronse opinións e números de teléfono, o camión-grúa volvía a traballar en dirección inversa, os barcos voltaban ó carro e ós que chegaron navegando empezaban a verse lle as popas dende Bouzas cara ás Cíes. Cómpre felicitar os mariñeiros de Bouzas pola súa entrega na organización e pola atención ós tripulantes, que foi excelente, por non falar da barra libre de cervexa... para a seguinte ocasión alí estaremos.



VIII ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA 2007



Presentación do Encontro: B. Máiz, F. Piñeiro, A. Bugallo e P. Villamar

TEXTO E FOTOS: Paco Fernández Rei

O 7 de maio presentouse en Santiago o VIII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia 2007 (Ferrol 5-8 de xullo) nun acto en que interviron Ánxela Bugallo, Conselleira de Cultura e Deporte; Pablo Villamar, responsable da área de Promoción Económica da Deputación da Coruña; Fernando Piñeiro, presidente da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF); e Bernardo Máiz, presidente do "Club do Mar" de Ferrol.

Ánxela Bugallo referiuse ó convenio asinado entre a Dirección Xeral para o Deporte e a FGCMF para realizar actividades no bienio 2007-08, cun triple obxectivo: difusión do traballo que se está facer de "rehabilitación e posta en valor de todo o que é o noso patrimonio marítimo e fluvial"; dinamización do sector das embarcacións tradicionais como espazo para o lecer e a práctica deportiva; e busca en Galicia e en Europa do recoñecemento social de todo ese patrimonio como "elemento que nos identifica, que conforma unha parte fundamental do noso acervo cultural e que ata agora, salvo polo traballo realizado polas asociacións da Federación, que neste momento son 38, non tivo ese recoñecemento". O presidente da FGCMF Fernando Piñeiro lembrou os duros inicios dos Encontros de Ribeira, Coruxo e O Grove ata chegar ó de Rianxo, despois do cal houbo que

refundar a Federación. No 2001 en Combarro seguiu-se medrando e entrouse nunha xeira de internacionalización e consolidación, que continuou na Illa da Arousa no 2003 cun Encontro que se converteu na Gran Festa do Mar e tamén da cultura fluvial. O xeneroso traballo de tantas asociacións fixo que en Cambados no 2005 se acadase a plena consolidación, pois á parte dos moitos museos presentes, nunca tantos tipos barcos diferentes e de tantos países navegaran no litoral galego. Fernando salientou que por primeira vez o Encontro viña ó norte e que esperaba que en Ferrol se afortalase o recoñecemento social do noso patrimonio marítimo e fluvial. Bernardo Máiz, presidente do "Club do Mar", manifestou que para a súa asociación organizar o Encontro era un reto moi grande co que queren "presentar ó mundo toda a riqueza marítima de Galicia, as embarcacións e todo o que apoiaba a construción desas embarcacións". Agradeceu o soporte dos patrocinadores, moi particularmente o da Consellería de

Cultura e Deporte, e avanzou o programa de actividades. Unha das novidades serán unhas xornadas técnicas en terra e no "Hidria" (o Barco da Memoria) sobre a lexislación e a normativa dos barcos tradicionais a cargo de moi diversos especialistas.

En Ferrol atracará a exposición "Patrimonio do vento e do sal: embarcacións tradicionais galegas", realizada por un equipo da propia FGCMF. Desde o 6 de maio, o proxecto "NaBeira08" da Federación e da Consellería de Cultura e Deporte está a levar polos portos do litoral (e a algunha vila do interior) esa exposición co fin de mostrar os fitos máis relevantes que marcaron de xeito determinante a nosa cultura marítima e fluvial.

Quen se achegue en xullo ó peirao das Curuxeiras para gozar do VIII Encontro, que procure tamén visitar o Arsenal, peza fundamental da arquitectura naval militar contemporánea europea, xa que a Mariña de Guerra da Armada Española abrirá esas instalacións os días do Encontro; e que non esqueza visitar o barrio da Magdalena, centro histórico da cidade, para poder gozar da beleza xeométrica dese rectángulo de rúas lonxidunais e rectilíneas cruzadas por outras perpendiculares. É a herdanza de enxeñeiros como Jorge Juan ou Julián Sánchez Bort, que no século XVIII converteron a viliña mariñeira de Ferrol nunha cidade moderna.



Outro momento da presentación do Encontro.

AVANCE DO PROGRAMA

DE FERROL CHEGA ESTE AVANCE DO QUE SERÁ O VIII ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA

HORA	Actividades no Mar	Obradoiros didacticos nenos	Obradoiros demostrati- vos	Xornadas Técnicas	Actuacións e Espectá- culos	Actos Varios
5 de Xullo						
9:30	Navegación libre			Inauguración no Hidria		
	Paseos Marítimos			1º Panel das xornadas		
12:00		ACTO DE INAUGURACIÓN OFICIAL DO VIII ENCONTRO				
12:30		Actividades ata as 14:00	Actividades ata as 14:00	1º Panel das xornadas	Monicreques	
13:00					Banda Municipal de Ferrol	Presentación AMMMG
13:30	Novas Embarcacións					Presentación Amonaga
14:00	xantar de benvida					
16:00	Reunión Patróns	Actividades ata as 19:00	Actividades ata as 19:00	2º Panel das xornadas		
16:30	Navegación libre					
18:30	Festa da Arribada			saído ó mar dos asistentes		
22:30					Raparigos e Batuko Tabanka	Cine do mar
6 de Xullo						
9:30	Navegación libre			3º Panel das xornadas		
11:00		Actividades ata as 14:00	Actividades ata as 14:00		Montaxe de redes-Cu- ruxeiras	
14:00	xantar					
16:00		Actividades ata as 19:00	Actividades ata as 19:00	Mesa Redonda		Pres:Novas Embarca- cións
18:00	Travesía Ferrol-Mugardos Seixo-Barallobre-Ferrol					
18:30				Clausura e nevegación		
20:00	Reunión patróns				Toxos e Froles	
23:00					Mackfeck	
7 de Xullo						
9:30	Navegación libre					
11:00	Regata Desafío total	Actividades ata as 14:00	Actividades ata as 14:00	Memoria do Atlántico	Os Estrobos	Pres. Nabeira 08
13:30						Pres Brest 08
14:00	xantar					
16:00		Actividades ata as 19:00	Actividades ata as 19:00			
17:00	Regata de velas					
18:00					Festa da Cabrias-Curuxeiras	
20:00						Homenaxe Manoel Lopes
0:00					O Cempés	
8 de Xullo						
11:00		Actividades ata as 13:30	Actividades ata as 13:30		Os Estrobos	
11:30	Regata de Dornas					
12:30					Monicreques	
13:30		ACTO DE ENTREGA DE TROFEOS e CLAUSURA DO VIII ENCONTRO				
14:00	xantar					
16:30		Actividades ata as 18:30	Actividades ata as 18:30			
17:00	Navegación libre					
18:30					Teatro de rúa	
20:00					Canciós Mariñeiras	

NOTA:

- O Pavillón dos Museos permanecerá aberto de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 durante os 4 días.
- Haberá visitas guiadas ás embarcacións, con explicacións sobre tipoloxías e aparellos.
- Gardería 3-5 anos e Actividades nenos de 6-12 anos de 11.30-13.30 e 17 -20 (Xardin da Ranita).



Foto: Lino Prieto

PROXECTO NABEIRA 08

DIVULGANDO O PATRIMONIO MARÍTIMO

Texto: Fernando Piñeiro

No inverno fóselle dando forma ó invento e ó chegar o remate da primavera botou a andar. O soporte en prensa e na TV foi importante, e da súa presentación deron conta os xornais. A FGCMF asinou coa Consellería de Cultura e Deporte un convenio de colaboración que nas súas liñas é moi sinxelo: divulgar o patrimonio marítimo e fluvial de Galicia e polo camiño promocionar Ferrol, o noso VIII Encontro de Embarcacións Tradicionais de

Galicia e facer coñecer a presenza de Galicia en Brest no 2008.

Elixíronse os portos en función da súa situación, e posibilidades de promoción. O obxectivo era que as Asociacións da FGCMF puideran aproveitarse e darse a coñecer mais no seu entorno. A travesía comezou en Bouzas-Vigo e de aí a Cangas, Pontevedra, Bueu, Vilagarcía, Ribeira, Cambados, Muros, Monforte de Lemos e A Coruña, unha semana



Foto: Lino Prieto

antes de arribar a Ferrol, onde estará os días do Encontro.

Tamén NaBeira foi o motivo para botar a andar a nova exposición que ten a FGCMF. "Patrimonio do Vento e do Sal. As embarcacións tradicionais galegas", que en Ferrol estará completa; e cando cheguemos a Brest, totalmente a punto para amosar a riqueza do noso patrimonio marítimo e fluvial. A exposición é froito do labor da xente da Federación. Coordinados por Luis Rei, nela traballaron Paco Fernández Rei, Dionísio Pereira, Antón Pais, Pablo Carrera, Xaquín Lores e outros



Foto: Lino Prieto



Foto: Lino Prieto

que chegaron impactantes fotos, particularmente Lino Prieto (perdoade os que non cito). O resultado é un produto serio do que seguro que os autores nunca estarán completamente satisfeitos, pero é unha obra moi fermosa e chea de contido. A exposición "Patrimonio do



Foto: Lino Prieto

Vento e do Sal" non xubila a anterior do Patrimonio Marítimo, que tantas xornadas acumula as súas costas, e que nestes momentos segue a navegar polos centros escolares de toda Galicia, onde rematará a súa travesía cara o verán; e de a demandaren, facer unha nova travesía o vindeiro curso.

camiño no agardado recoñecemento do Patrimonio Marítimo e Fluvial de Galicia. O certo é que nos días en que escribo este texto (finais de maio) a FGCMF está a acadar unha importante cota de promoción a través de tódolos medios de comunicación así como na web www.nabeira.org

Esta é a liña do convenio asinado coa Consellería de Cultura e Deporte. Agora vén o Encontro de Ferrol, para o que xa queda moi pouco, e para o que tamén contaremos cun apoio importante da administración. Esperemos que este sexa o



Foto: Lino Prieto




Foto: Lino Prieto



Foto: Os Galos

EU EM-PURRO BUEU

PROPOSTA DE REHABILITACIÓN DA CARPINTERÍA DE RIBEIRA DE PURRO

Texto "Os Galos - Bueu"

Coñecido como estaleiro ou carpintería de Purro, na Banda do Río de Bueu, foi fundado no ano 1920 por José Del Río Casal, a partires dunha concesión administrativa para ocupación de espazo público. A elección desta ubicación para o obradoiro non é casual pois nesta parte de Bueu dábanse as condicións idóneas: un entorno xeográfico con bo suministro de materias primas, boas comunicacións por estar no centro da vila, unha praia abrigada que facilitaba facer as botaduras con seguridade e proximidade a desembocadura do río Bispo que permitía o curado da madeira no seu cauce.

Amosa unha configuración común a tódalas carpinterías de ribeira que comprende unha pequena oficina, unha zona para o trazado de proxectos, outra para a elaboración das pezas de madeira onde se axeitan o banco e as ferramentas, o gran alboio para a construción dos cascos baixo teito, unha área descuberta para almacenamento e secado da madeira e o varadoiro con vías, orientado sempre en perpendicular á beiramar.

A parte máis antiga da carpintería está formada por unha estrutura cuberta por un tellado a dúas augas asentado sobre columnas

de pedra onde se ergue un pequeno faio no que está instalada a máquina de afiado da serra de cinta. Noutra parte do taller sitúase a pequena oficina que tamén era utilizada para agochar as ferramentas, este elemento foi engadido nunha ampliación levada a cabo dispois do ano 1938, cando o estaleiro foi comprado por Rosa Cortizo Cerviño, aboa de Purro, para o seu fillo.

Con este novo propietario a carpintería incrementou a súa actividade pasando dunha produción exclusiva de embarcacións de pequeno porte, gamelas, chalanas,

lanchas xeiteiras, botes polbeiros e traíñas, a construír tamén embarcacións de maiores dimensións. Coa implantación do motor como método de propulsión principal, as embarcacións aumentaron as súas dimensións, o que fixo necesario a ampliación das instalacións en varias fases e conferiulle o aspecto tan peculiar que amosa na actualidade. A implantación das bateas nas Rías Baixas abriu un novo mercado para os carpinteiros de ribeira, e supuso unha carga de traballo importante durante os derradeiros anos.



Foto: Os Galos



Foto: Os Galos

No ano 1975 ampliáronse as instalacións cara as testas NW e N, pero cando en 1988 se constrúe un muro de abrigo para protexer as casas das maruxías, perdéronse as vías de varada do estaleiro; unha estrutura que estaba composta por tres raís paralelos, dous laterais a mesma altura e o central máis baixo, a modo de “v”, que se fincaban nuns pilotes de madeira enterrados na area da praia, as vías tiñan unha lonxitude aproximada de 30 metros cara a liña de maré. A perda desta infraestrutura básica provocou que entre os anos 1986 e 1988 se constrúisen dous bacos a carón do porto pesqueiro, nun alboio levantado para esta obra. Estratexias e perspectivas de futuro

A carpintería de Purro en Bueu, fechou a súa actividade constructora hai pouco máis de catro anos, dispois de ter feito como derradeira encarga o bote xeiteiro

Os Galos. A partires desa ata quedou aberta unha fronte de loita pola conservación do astelleiro de Purro que no decurso deste tempo non atopou máis que atrancos nun esforzo, ata o de agora baldeiro, levado en solitario polos Galos que teñen o firme convencemento de que é necesario a implicación das diferentes administracións para garantir a presenza do sector da carpintería de ribeira en Bueu có fin de tecer unha relación entre a produción económica e a potenciación turística da bisbarra, dándolle pulo, xunto coa navegación tradicional, como un dos elementos sobre o que construír a dinamización turística e a preservación do patrimonio cultural e etnográfico.

Mentras se debate esta loita conservacionista o estaleiro está sendo utilizado pola asociación como obradoiro para realizar o mantemento da pequena frota de

embarcacións tradicionais da que dispoñen. Mágoa que esta asociación non poida contar nin coa disposición económica para facer os amaños necesarios nin cunha mínima capacidade decisoria sobre o uso final das instalacións.

O estaleiro está ligado íntimamente á historia marítima recente do concello de Bueu: foi a derradeira carpintería de ribeira en activo, nela traballaron e se formaron moitos profesionais e nela construíronse infinidade de embarcacións, moitas aínda en activo. O seu peculiar aspecto converteuse en parte da paixase urbana de Bueu, actuando como referente patrimonial do concello unha vez destruídos aqueles outros bens arquitectónicos susceptibles de ocupar tal lugar. De tal xeito, nalgunhas páxinas web aparece como un símbolo tanto do pobo como da carpintería de ribeira e son varias as

publicacións que fan mención a este taller. Polo tanto, a súa imaxe é un vínculo de unión entre o pobo de Bueu e o seu pasado, sempre vencellado aos barcos e o mar, que pode significar o reencontro cunhas orixes culturais que, a pesares da súa proximidade, son ignorados por unha boa parte da poboación.

Non se trata de aplicar ningunha solución preexistente senon estudar unha solución adaptada ao entorno social no que se pretende desenvolver a proposta. Para iso, resulta preciso iniciar un proceso que valore todas aquelas ideas sobre as diferentes actividades ou usos que se poderían dar ó estaleiro de Purro. Que dúbida cabe que o primeiro paso sería a realización dun amplo proxecto museístico, no que se valorasen todas as posibilidades, así como as reformas ou arranxos precisos para o desenvolvemento das diferentes actividades as que se poida adicar, sempre coa temática da carpinteiría de ribeira como eixo vertebrador.



Foto: Lino Prieto

Propónse tamén o desenvolvemento dunha parte viva, na que se trataría de ter unha actividade que permita aos visitantes poder seguir de cerca a construción dunha embarcación tradicional, e poder observar as diferentes técnicas que empregan estes artesáns, para crear unha embarcación a partir dunha morea de táboas.

O estaleiro de Purro podería constituir, xunto co cercano Museo Massó e flota de embarcacións tradicionais da Asociación Os Galos, un re-

ferente da cultura marítima podendo converterse o obradoiro nun elemento único e diferenciador do pobo, favorecendo o seu atractivo non só cultural, senon tamén o turístico -non debemos esquecer que o Museo Massó recibiu o ano pasado un total de 20.000 visitas. Co pulo que está a vivir o patrimonio marítimo a escala europea, dende a Bretaña francesa, países baixos ou os países nórdicos ata o Mediterráneo, a recuperación do taller de Purro contribuiría a estabilizar e focalizar en Bueu a oferta etnográfica de carácter marítimo ca comarca do Morrazo, creándose ao mesmo tempo os elementos necesarios para afrontar o liderato como referente nas Rías Baixas e en Galicia.

Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais "Os Galos" Bueu




Foto: Lino Prieto

Calendario Oficial de Actividades da F.G.C.M.F.

Data	Localidade	Evento	Asociación
18-20 Maio	SEIXAL	Xuntanza do Seixal	
1-3 xuño	BARCELONA	Regata Museu Maritim	Museo Maritim Barna
09/06/2007	Illa Arousa	TG R. Fasquía	ACDX Fasquía
08-10 Xuño	S. Jean de Luz	Xuntanza Zokoa	Itsas Begía
15/16/17	Vila do Conde	Encontro Vila do Conde	Vila do Conde
16/06/2007	O Grove	R. Area Seba	Amigos Dorna Meca
30/06/2007	Illa Arousa	Volta Illa de Arousa	ACD. Dorna
30xñ-01 Xullo	A Coruña	Xuntanza de Emb. Tradi. <i>VIII ENCONTRO DE EMBAR-</i>	A.E.T. A Coruña
5 6 8 Xullo	Ferrol	<i>CACIÓNS TRADICIONAIS</i>	<i>C.M. Ferrol</i>
13-15 xull	BARCELONA	FESTA DE LA MAR	C. BARNA.-FAR
14/07/2007	O Grove	TG R. Dos Faros	Amigos Dorna Meca
21-22 Xullo	Redes	Xuntanza E.T. Porto Redes	CN. Redes
21/07/2007	Riveira Monforte de	R. da Dorna	A. Lajareu Barlovento
27-28 Xullo	Lemos	Festa do Río	Barcas do Minho
04/08/2007	Illa Arousa	TG R. do Bao	ACD. Dorna
11-12 Agosto	Meira-Moaña	Xuntanza Emb. Tradicionais	Sueste
17-19 Agosto	Combarro	Xuntanza Emb. Tradicionais	Reiboia
18/08/2007	Cambados	TG R. do Albariño	CM. Salnés
24-26 Agosto	Bueu	Xuntanza Emb. Tradicionais	Os Galos - Bueu
25/08/2007	Camb-Illa	R. da Calmoseira	Asociación Calmoseira
01/09/2007	Palmeira	R. Palmeira	A. Lajareu Barlovento
Outubro	O Grove	R. do Marisco	Amigos Dorna Meca

Listado actualizado de asociacións membros da F.G.C.M.F.

1	CRAC CORUXO	986 460 736	manelig@edu.xunta.es
2	Real Cofradía da Dorna de Ribeira	606 061 363	real-e-lustre@cofradiadadorna.com
3	Amigos da Dorna Meca	986 732 805	amigosdornameca@wanadoo.es
4	Asc. de Embarcacións Tradicionais «Os Galos»	986 321 799	ogalo@globalum.com
5	Club do Mar de Ferrol	981 353 499	parrocheira@telefonica.net
6	Asc. «As Joritas»	986 542 056	
7	Grupo Etnográfico Mascato	986 520 008	dpereirag@terra.es
8	Asc. Cultural e Deportiva DORNA	649 190 098	acddorna@wanadoo.es
9	Asc. De Gameleiros Asodiña	986 222 441	fgdmf@jet.es
10	Asc. Mariñeiros San Miguel de Bouzas	678 502 029	amad-bouzas@mixmail.com
11	Asc. SODINÁUTICA	986 222 441	sodinautica@gmail.com
12	Asc. De Veciños «Boureante»	669 897 537	
13	Clube Mariño «A Reibo»	669 897 537	cmreibo@telefonica.net
14	R.C.N. De Sangenjo	670 544 295	rcns@telefonica.net
15	Asc. «A Rabandeira»	636 643 137	fotoelite@terra.es
16	Amigos da Dorna de Portonovo	686 982 062	jatinha@vodafone.es
17	Clube Mariño Salnés	986 526 927	cmsalnes@mixmail.com
18	Asc. Barcas do Minho	982 465 218	correio@barcas.org
19	Asc. Canle de Lira	981 184 906	xestelos@mundo-r.com
20	Asc. Cultural «A Figueiriña-Lanchas do Sil»	988 682 146	obarco@mundo-r.com
21	Asc. Mar da Pedra	986 307 044	986307044@terra.es
22	Club Náutico de Redes	647 368 795	cmr@caamouco.net
23	Asc. «A Rompetimóns»	659 834 701	rompetimóns@rompetimóns.org
24	Asc. Barcos do Norte. Viana do Castelo	938 014 101	barcoantigo@hotmail.com
25	Asc. Amigos das Embarcacións Tradicionais	981 220 020	
26	Asc. Mar de Noia	981 821 681	fgtunez01@terra.es
27	Asc. Mar de Muros	981 763 979	
28	Asc. Sueste	986 315 250	sueste@wanadoo.es
29	Escola Obradoiro Mar de Vigo II	986 462 090	mardevigo@telefonica.net
30	Asc. Cultural «A Gamela». Cabo da Cruz	649 987 012	gamela@cabodecruz.org
31	Esteirana de Remo	981 826 040	esteiranaremo@esteiranaremo.com
32	Asc. Cultural «Gameleiros». Breadouro.	986 490 592	breadouro@feprohos.org
33	Asc. Marítima e Cultural Vilaxoan	653 350 045	cbrianes@dosespacios.com
34	Fundación Expomar	982 586 232	expomar@expomar.com
35	Asc. Lajareu por Barlovento		lajareu@gmail.com
36	Asc. Cultural, Deportiva Fasquía	986 551 282	acdxfasquia@yahoo.es
37	Asc. Calmoseira		calmoseira@hotmail.com



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

**FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA
MARÍTIMA E FLUVIAL**

Ed. Multiusos, Campo da Mercede s/n.
36630 CAMBADOS, Pontevedra
Telf. 986524845
E-mail: fgcmfgalicia@mixmail.com

CONSELLO DE REDACIÓN:

Lino Prieto, Fernando Piñeiro
Francisco Fdz. Rei

COLABORADORES:

Ana Gil, C.M. Ferrol

FOTOGRAFÍAS:

Lino Prieto, Asociación Os Galos e outros

MAQUETACIÓN:

Otero & Prol